

*Orde do 26 de maio de 2010 pola que se modifica a Orde do 19 de febreiro de 2010, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010.*

A Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010 (DOG nº 40, do 1 de marzo de 2010), establece, no seu artigo 8º, un importe total dispoñible para o exercicio 2010 de 47.523.295 €, destinado ao financiamento das subvencións que, ao abeiro dela, poderán ser concedidas aos solicitantes, «sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias».

En consecuencia, debido á existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes de xeracións e incorporacións de créditos, así como dalgúns remanentes existentes nos orzamentos de gastos deste centro directivo, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 19 de febreiro de 2010 na contía adicional de 2.716.373,01 € para este exercicio 2010, coa finalidade de facer chegar estas subvencións ao maior número de beneficiarios posible e en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais por parte das corporacións locais.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

#### **DISPOÑO:**

Artigo único.

1. Ampliase o importe total destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2010, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias:

Ano 2010:

12.02.312D.460.0 por importe de 2.000.000 de €.

12.02.312A.460.0 por importe de 490.220,30 €.

12.02.313C.460.3 por importe de 171.795,04 €.

12.02.312E.761.0 por importe de 20.536,39 €.

12.02.313C.760.0 por importe de 33.821,28 €.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 7 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano e se convocan para o ano 2010.*

O Regulamento (CE) 1774/2002, do 3 de outubro, do Parlamento e do Consello da Unión Europea establece as normas sanitarias aplicables aos subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano (en diante SANDACH) e prohíbe a súa entrada na cadea alimentaria.

A Comisión nacional de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, constituída mediante o Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, traballou na mellora do sistema de recollida e os seus traballos foron recollidos nun plan nacional integral de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, e aprobados na xuntanza da comisión do día 26 de abril de 2007.

Entre as medidas previstas polo dito plan integral estaba o de alcanzar unha mellora na capacidade estrutural así como a sustentabilidade económica da xestión dos SANDACH.

O Real decreto 1178/2008, do 11 de xullo, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos, para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano establece o marco normativo das actuacións subvencionables no citado campo.

Estas axudas axústanse no caso das explotacións gandeiras ao Regulamento (CE) 1857/2006, da Comisión, do 15 de decembro, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001. Por outra banda, as axudas a